

## INFORME SATISFACCIÓN PROGRAMAS FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN 2022

### NOTA ACLARATORIA:

Seguimos aplicando algúns **protocolos Covid19** adoptados para frear a propagación da COVID19, que implican a **restrición no acceso** aos espazos físicos dispoñibles, tendo que pedir cita previa para ser atendido polos diferentes Programas, ou no caso do Ciber ocupando a metade do seu aforo (de quince a oito prazas-ata o mes de abril) e co máximo dunha hora de uso, para evitar a concentración de persoas nun mesmo lugar, e mantendo o desdoblamento de accións formativas, o que implica ter máis tempo ocupados os recursos para grupos máis reducidos de persoas usuarias.

### COMPOSICIÓN E IDADE DAS PERSOAS USUARIAS

Fixéronse **381 cuestionarios** (un 66,4% máis que o ano pasado) entre todas as persoas atendidas en 10 dos principais Programas da Fundación, o cal supón un 13,4% do total de usuarias/os atendidos por eles en 2022 (2844).


Participaron máis homes que mulleres, nas enquisas de satisfacción como se ve na gráfica:

#### Nº TEST POR SEXOS



A distribución de homes e mulleres por áreas de intervención é a que se mostra na seguinte gráfica.

#### Nº PERSOAS ENQUISADAS POR ÁREA DE ACTIVIDADE




A **área de Igualdade** non aparece aquí, porque todos os test que se fixeron nesta área foron asociados á formación e xa están recollidos no **informe de Satisfacción de Formación** da Fundación Érguete-Integración.

A **idade media** das persoas que contestaron aos cuestionarios é a que se mostra na seguinte gráfica, dando unha media de 45,4 anos para os homes e 42,7 para as mulleres, e de **44,7** a media total da Fundación. Esta media foi ponderada en función do maior o menor número de participantes (homes e mulleres) nos cuestionarios dos diversos programas.


Os homes con máis idade déronse na área de Intervención Social cunha media de 51,7 anos, e as mulleres tamén cunha media de 46,3 anos.

Os homes e mulleres máis novos atopámoslos na área de Intervención en Medio Penal, cunha media de 38,9 anos para eles, e 37,9 para elas.

### IDADE MEDIA POR ÁREAS DE ACTIVIDADE



A continuación móstranse as medias de idade de homes e mulleres por Área, programa y/o proxecto.




As mulleres máis novas foron usuarias de Programa Asesoramento para Inclusión Sociolaboral en Medio Penal (AISMP) con 34 anos de media, e os homes con menos idade foron usuarios do Programa Itinere (ITI) con 35,8, ámbolos dous pertencentes a área de Intervención en Medio Penal. Pola contra as persoas con máis idade, no caso dos homes foron usuarios do programa Sísifo (SIS) (área de Intervención Social) e as mulleres participaron do Ciber Emprego (CIB).

## AVALIACIÓN ÍTEMS DOS PROGRAMAS

A avaliación conxunta da satisfacción de todos os Programas da Fundación ofrece os seguintes resultados:

- **Preguntas puntuados positivamente** (aquelas que foron valoradas con Satisfacción Moi Alta e Alta)

### CUESTIÓN VALORADAS POSITIVAMENTE




Respecto aos ítems cun maior nivel de satisfacción “Alta+Moi Alta”, 5 son do programa PAI (Punto Autoempleo Incorpora), tres deles cun 100% de satisfacción: “Explicación do programa”, “Información recibida microcrédito...” e “Utilidade do programa para por en marcha a idea de negocio.”; En segundo lugar, encontramos 4 do Programa CIB (Ciberemprego uso das TIC para busca de emprego), destacando entre eles con máis do 94% satisfacción Moi alta: “Axuda recibida para elaboración CV...”; en terceiro lugar, con 2 está o Programa Sísifo (Programa de redución do dano) , “A información facilitada sobre consumo, temas de saúde...” e “O apoio para o acceso a outros recursos...”; En cuarto lugar con 1 pregunta aparece COR (Corno Integral Empresa de Inserción) cun 62% satisfacción moi alta “O grao de motivación.”

- **Preguntas puntuadas negativamente** (aquelas que foron valoradas con Satisfacción Moi Baixa e Baixa)


### CUESTIÓNS VALORADAS NEGATIVAMENTE

(En case todos os Programas)



Respecto aos ítems xerais que inclúen a maioría dos programas, o que peor valoración ten con máis do 4,49% de satisfacción “Baixa+Moi Baixa” é “A utilidade do programa para a túa incorporación sociolaboral...”, seguido con o 4,29% “As instalacións físicas, aula, mobiliario, iluminación...” e “O tempo de espera para ser atendido polos/as profesionais” e con algo máis do 3%: .

CUESTIÓNS VALORADAS NEGATIVAMENTE  
(en ALGÚNS PROGRAMAS)




Por programas, con satisfacción “Baixa” e “Moi Baixa”, vemos que Sísifo e os programas de intervención no Medio Penal (Itinere, Reincorpora e Apoio a Inserción Sociolaboral en Medio Penal) encabeza a lista con 4 cuestións valoradas; en segundo lugar con 3, se atopan Cormo (Empresa de Inserción) e co mesmo número o programa Incorpora da Área de Incorporación Laboral:


- Na área de Intervención Social o programa **Sísifo** destaca cun 20% de satisfacción “Baixa” coa “Unidade móbil (furgoneta) ou as instalacións (local), mobiliario, iluminación...”, seguido cun 6,7% “Os servizos e a información proporcionada axúdanme a mellorar a miña situación persoal (consumo, exclusión, necesidades básicas, etc.”
- Na área de Intervención no Medio Penal os programas **Itinere, Reincorpora e Apoio a Inserción Sociolaboral en Medio Penal**, as catro cuestións alcanzan unha satisfacción “Baixa” e “Moi Baixa” cun 6% “O número de citas ou entrevistas realizadas polas profesionais”, e seguido cun 5,7% “A información proporcionada sobre formación, emprego, cuestións penitenciarias, recursos sociais, etc.”
- Na área de Incorporación Laboral, por ter cuestións distintas nos cuestionarios separamos os resultados do programa **Cormo (Empresa de Inserción)** onde aparece unha satisfacción “Baixa+Moi Baixa” do 13% coa “Información recibida sobre promocións e postos de traballo vacantes”, do 5,2% coa “A existencia de medidas de conciliación”, e por último cunha **satisfacción “Baixa”** do 7,8% “Maquinaria, ferramentas e material de traballo en xeral”.
- O outro programa da área de Incorporación Laboral que ten valoracións negativas é o programa **Incorpora**, cunha satisfacción “Moi Baixa” do 1,04% de coa “Información recibida sobre recursos é útil”, “O tempo transcurrido entre citas” e “A coordinación con outros recursos”.

## AVALIACIÓN POR BLOQUES DOS PROGRAMAS

Entendendo que Favorable é a suma dos niveis de satisfacción “Alta+Moi Alta” e desfavorable a suma de “Moi Baixa+Baixa”, se agrupamos por bloques as diferentes cuestións, obtemos co nivel de satisfacción supera en todas as categorías amplamente o 90% de obxectivo, sendo o máis valorado “O trato recibido polos/as profesionais”.




Se agrupamos **por áreas de actividade**, igualmente obtéñense resultados por encima do 90% de satisfacción en todas elas.




Desagregando por áreas de intervención, programas, proxectos os resultados son os seguintes:

SATISFACCIÓN DESAGREGADA POR ÁREAS, PROGRAMAS, PROXECTOS E ACTIVIDADES



COMPARATIVA POR BLOQUES PERÍODO 2020-2022


Comparando a valoración obtida polos diferentes bloques nos últimos tres anos, obsérvase que todos os bloques están moi por encima do 90%, obxectivo de satisfacción fixada pola entidade, e destacando entre todos o bloque Trato recibido.




PROGRAMAS: SATISFACCIÓN BLOQUE FUNDACIÓN ÉRGUETE-INTEGRACIÓN

As persoas enquisadas valoraron á Fundación Érguete de forma positiva, nos ítems relativos á entidade, que aparecen nos cuestionarios respectivos de cada programa. Todos os ítems están por encima do obxectivo do 90%.





A gráfica mostra os datos agrupados en Positivo a suma das satisfaccións “Alta+Moi Alta” e Negativo suma “Moi Baixa+Baixa”. sendo o máis valorado con máis do 99% “A atención recibida polo persoal da organización”




## PUNTACIÓN XERAL DOS PROGRAMAS DA FUNDACIÓN 2022

A valoración media global dos Programas da Fundación é de **9,5** en una escala de 1 a 10.


A área de intervención con maior valoración foi Incorporación Laboral cun 9,6, s. Todas ás áreas alcanzan ou exceden o 9.

## VALORACIÓN MEDIA PROGRAMAS POR ÁREAS DE ACTIVIDADE (Escala 1-10)



O Programa/proxecto máis valorado foi Probas rápidas VIH/VHC cun 10, seguido do P. Autoempleo (PAI) e Servizo de Orientación Laboral (SOL) con 9,8. O resto exceden do 9, a excepción está nos programas Reincorpora e Apoio a Inserción Sociolaboral en Medio Penal, que quedan moi cerca do 9.

### DESAGREGADA POR ÁREAS, PROGRAMAS, PROXECTOS E ACTIVIDADES



## RESPOSTAS DE LIBRE OPINIÓN

As seguintes gráficas recollen o máis valorado, o que se podería mellorar e outras suxestións dos programas máis representativos da Entidade en 2021. Tendo en conta que cada persoa pode dar varias respostas, pero non todas as persoas contestan a esta parte do formulario, o resultado dos 229 cuestionarios cubertos da o seguinte reparto de cuestións de libre opinión:


- O que máis me gustou: 165
- O que se podería mellorar: 67
- Suxestións: 9

Os resultados obtidos exprésanse en % e están ponderados en relación a os seus programas e o total da Fundación.


## O que máis me gustou dos cursos 2022

As 165 opinións vertidas neste apartado repártense por programas da seguinte maneira, segundo estean agrupadas por Áreas de Intervención ou Programas:

### Participación Áreas de Actividade




### Participación por Programas



Destaca como o máis valorado en **todos os programas** “O trato do persoal: respecto, confianza, paciencia, amabilidade, calidez, comprensión, claridade atención, implicación e interese”, cun **65,7%**. O resto de puntuacións repártense entre as cuestións que mostra a gráfica seguinte.

### O QUE MÁIS ME GUSTOU PROGRAMAS




■ Todos menos CIB, ITI, AISMP    
 ■ PAI-SIS-INC-SOL-REI-PIE    
 ■ PAI-SIS    
 ■ PAI    
 ■ SÍS    
 ■ INC    
 ■ COR    
 ■ SOL    
 ■ REI    
 ■ PIE

## O que se podería mellorar dos Programas 2022


Das 67 opinións vertidas neste apartado a maior parte corresponde a área de Intervención Social.

### Participación Áreas de Actividade




Se agrupamos por programas os resultados son que a maioría de opinións veñen de Sísifo (52%) seguido de Reincorpora (14,9%), o resto está repartido entre os diversos programas que se dedican a Incorporación Laboral.

### Participación por Programas



Entre as cuestións a mellorar, varían segundo os programas, destacando en SIS+COR con algo máis do 17% “Oficina/local máis amplo”. En segundo lugar cun 14% en CIB+SIS “Ampliar o horario ou dar máis tempo o servizo” e en terceiro lugar cun 12%, en CIB+SIS+INC, “Máis cursos e máis completos”. O resto de opinións pódense apreciar con detalle na seguinte gráfica:


## O QUE SE PODERÍA MELLORAR PROGRAMAS 2022



## Suxestións 2022


As 9 opinións vertidas neste apartado se distribúen case por igual entre a Área de Intervención Social e a de Incorporación Laboral.

### Participación Áreas de Actividade



Desagregado pro Programas o resultado é o seguinte:

### Participación por Programas



As 9 suxestións, en porcentaxe, son iguais en todos os programas onde apareceron como se mostran na gráfica:

### SUXESTIÓNS PROGRAMAS

